

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Expediente núm.: 2698/2025

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Selección de Persoal e Provisión de Postos

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Por decreto de alcaldía de data de 04/03/2025 resolveuse solicitar, ao abeiro da Orde do 27 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a concellos de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e se procede a súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento PR460D), unha subvención por importe de 40.000 € para a contratación de 15 persoas, para o servizo denominado socorristas, durante 2.2 meses.

SEGUNDO.- No artigo 4 das bases que rexen esta convocatoria de subvencións establécense como gastos subvencionables os custos salariais do *“persoal contratado para a prestación dos servizos, que deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego.”*

TERCEIRO.- Consta informe proposta de bases emitido pola técnica de RRHH de data de 06/06 /2025 e a fiscalización favorable da intervención municipal.

Considerando que a competencia para a aprobación das bases corresponde á Alcaldía, a teor do disposto no artigo 21.1, letra g) da LRBRL.

Vista a proposta de resolución PR/2025/1081 de 6 de xuño de 2025.

RESOLUCIÓN

Primeiro.- Aproba-las bases reguladoras do proceso selectivo destinado á confección dunha bolsa de emprego para a contratación de persoal laboral temporal de postos de socorristas acuáticos en espazos naturais, segundo o texto que se inclúe ó final deste acordo.

Segundo.- Que se tramite o expediente de selección de conformidade co previsto nas bases aprobadas e que se anexan a continuación.

Terceiro.- Que se dea conta ao Pleno na vindeira sesión.

ANEXO



“BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A SELECCIÓN DE SOCORRISTAS ACUÁTICOS EN ESPAZOS NATURAIS- FOMENTO DE EMPREGO- PERSOAL LABORAL TEMPORAL.

1º .-OBXECTO:

A regulación do procedemento para a cobertura con carácter laboral temporal de 15 de socorristas acuáticos en espazos naturais ao abeiro da subvención concedida ao Concello de Boiro pola xunta de Galicia para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas (convocatoria para o 2025 - código de procedemento PR460D).

Funcións a realizar:

- Realizar as labouras de prevención e vixilancia.
- Sinalizar as zonas de uso da praia, zonas perigosas ou con algún risco especial.
- Prestar primeiros auxilios.
- O persoal que teña ó seu cargo o manexo de embarcacións terán especial coidado no bo estado das mesmas e dos seus motores, manténdoa en perfecto estado de operatividade, limpeza e combustible, debendo poñer en coñecemento do coordinador calquera anomalía que se produza.
- Velar porque se respecten as zonas de baño, seguridade e hixiene, sinais de prohibición, así como as zonas balizadas para embarcacións ou fixadas na lexislación vixente nas praias non balizadas.
- Atender ós usuarios da praia, informando e prestando axuda a persoas enfermas ou indispostas.
- Indicar ós infractores nas ocasións que a seguridade e tranquilidade dos bañistas e usuarios das praias se vexan afectados por prácticas que contraveñan as normas existentes.
- Executa-las ordes de traballo que se lle asignen, de acordo coa súa especialidade.
- Mante-lo reciclaxe continuo nos coñecementos e procedementos necesarios para realiza-las funcións do posto de maneira eficiente, dentro dos medios que a Administración dispoña.
- Atender e informa-lo público nas materias da súa competencia.
- Utilización das aplicacións informáticas correspondentes a súa unidade.
- Efectuar propostas de mellora ós seus superiores en relación cos seus sistemas e procesos de traballo.
- Calquera outra función e tarefa de análoga natureza que lle sexa encomendada polo seu superior xerárquico, dentro do ámbito das súas competencias.

2º.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN:

Os contratos de traballo formalizarase baixo a modalidade contractual laboral temporal “para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral” ó abeiro do Real Decreto Lei 32/2021, de 28 de



decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

En canto a regulación das condicións do contrato laboral temporal estarase ó disposto no Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro e resto de disposicións normativas aplicables a esta materia.

3º.- SISTEMA DE ACCESO: Oposición libre.

4º.- REQUISITOS DAS PERSOAS CANDIDATAS:

Para poder tomar parte na oposición será necesario que os aspirantes reúnan, na data de finalización do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

A) Pertencer a calquera dos Estados asinantes do Tratado da Unión Europea e o Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, con coñecementos suficientes da lingua castelá e/ou galega.

B) Os estranxeiros que non pertencen a algún dos Estados asinantes do Tratado da Unión Europea, deberán ter permiso de traballo cunha duración mínima de 12 meses, a titulación esixida para o posto ó que optan homologada polo Estado español e os coñecementos suficientes de lingua castelá e/ou galega.

C) Ter cumpridos os 18 anos de idade e non exceder de aquela para a xubilación forzosa por idade.

D) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo de socorrista acuático.

O cumprimento deste requisito acreditarase mediante certificado médico ou informe de saúde que acredite que o/a candidato/a reúne as condicións físicas e psíquicas necesarias para ocupar o posto de traballo ó que aspira. A tal efecto faise constar expresamente que serán excluídos do proceso de selección aqueles candidatos que presenten lesións de corazón, pulmón ou intestinais, trastornos psicolóxicos, incapacidades do aparato locomotor enfermidades infecciosas ou obesidade, así como cegueira ou xordeira. O certificado médico/ informe de saúde deberá necesariamente pronunciarse sobre estes aspectos.

A condición de minusvalía ou incapacidade e a súa compatibilidade co posto a ocupar acreditarase conforme á normativa vixente e referida ó día de formalización do contrato mediante certificado médico oficial, caso de ser seleccionado.

E) Non estar afectado por motivos de incompatibilidade recollidos nas disposicións da Lei de Incompatibilidades referidos ó persoal das Administracións Públicas.

F) Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. Idéntico requisito seralles esixido aos nacionais doutros Estados, no seu caso.



G) Deberán acreditar estar en posesión de, como mínimo o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

H) Estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia (sección: espazos acuáticos naturais).

I) Ser desempleado inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego. Este requisito deberase cumprir tanto no momento da selección como, no seu caso, no momento da formalización de contrato de traballo temporal.

5º. TAXAS DO PROCESO SELECTIVO:

De conformidade co disposto no artigo 4, da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por dereitos de exame (BOP da Coruña nº 166 de data de 01/09/2022), as persoas aspirantes deberán ingresar a cantidade de 20 euros.

Terán unha bonificación do 100% da cota aquelas persoas que acrediten estar desempregadas (en situación legal de desemprego) por un período superior a 1 mes a contar dende o último día de presentación de instancias.

Terán unha bonificación do 100% da cota tributaria os titulares de familias numerosas de carácter especial, e dun 50% do cota os titulares de familia numerosa de categoría xeral. Para poder acreditar dita circunstancia coa presentación da instancia débese acompañar copia do título de familia numerosa vixente.

A devindicación da taxa producirase no momento da presentación da solicitude de inscrición nas probas selectivas.

Dita solicitude de inscrición non será tramitada ata que non faga efectivo o importe da taxa.

A falta de pago da Taxa no prazo de admisión das solicitudes, determinará a inadmisión do aspirante ás probas selectivas.

Á solicitude de inscrición haberá de acompañarse, en todo caso, xustificante de ter ingresado o importe da taxa por dereito de exame.

Cando por causas non imputables ao suxeito pasivo, a actividade técnica e/ou administrativa que constitúe o feito impoñible da taxa non se realice, procederá a devolución do importe correspondente. Polo tanto, non procederá devolución algunha dos dereitos de exame nos supostos de exclusión das probas selectivas por causas imputables ao interesado.

O sistema será a AUTOLIQUIDACIÓN, que deberá presentarse xunto co xustificante de ingreso, coa solicitude de participación no proceso selectivo de que se trate.

A autoliquidación realizarase a través do PORTAL TRIBUTARIO do Concello de Boiro, e será abonada nas oficinas das entidades colaboradoras coa recadación do concello, nas oficinas do concello mediante pago con tarxeta, ou a través da pasarela de pagos que se pon a disposición na páxina web do Concello de Boiro.

En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereito de exame suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.



6º.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

As persoas que desexen tomar parte nesta selección deberán presentar as súas instancias dirixidas ó señor Alcalde-Presidente, en modelo que se engade como ANEXO II, na sede electrónica do Concello de Boiro <https://boiro.sedelectronica.gal> ou no Rexistro Xeral do Concello de Boiro en horario de atención ó público (de luns a venres de 9:00 h. A 13:30 h.) durante o prazo de CINCO DÍAS NATURAIS a contar dende o día seguinte ó da reunión mantida cos aspirantes remitidos polo Servizo Público de Emprego. No caso de ser presentadas por correo postal, e a efectos de poder realiza-lo seu seguimento, as persoas solicitantes deberán remitir unha copia da instancia xa rexistrada mediante correo electrónico dirixido a persoal@boiro.org.

Os textos das probas selectivas distribuiranse, por defecto, en galego; as persoas aspirantes que queiran dispor do texto das probas en lingua castelá deberán indicalo na súa solicitude. Unha vez publicada a resolución definitiva de persoas admitidas e excluídas non poderán modificar o idioma das probas.

Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo as persoas aspirantes deberán achegala seguinte documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento:

- DNI ou documento identificativo.
- Certificado que acredite, como mínimo, estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.
- Xustificante de inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia na sección de socorristas en espazos acuáticos naturais.
- Certificado que acredite, como mínimo, o nivel de CELGA 3 do idioma galego.
- Certificado médico/informe de saúde segundo a base 4º.D)
- Xustificante pago da taxa de dereitos de exame/ documentación xustificativa para súa bonificación.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas interesadas aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

7º.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES:

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, a alcaldía ditará resolución pola que se declaren con carácter provisional as persoas admitidas e excluídas, co motivo da exclusión. No caso de non existiren persoas excluídas, ou que as persoas excluídas o estean por motivos non emendables, a listaxe será considerada como definitiva.

As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de dous días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da mencionada resolución no páxina web do concello www.boiro.gal, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión. Disporán do mesmo prazo de reclamación as persoas que, tendo presentado debidamente a solicitude de participación no proceso, non consten nin como admitidas nin como excluídas na relación publicada.

Non se poderá emendar a presentación de solicitude fóra de prazo habilitado para este efecto.



Unha vez transcorrido o prazo de reclamacións e resoltas as alegacións presentadas, por medio de Resolución da Alcaldía aprobarase a lista definitiva de candidatos admitidos e excluídos así coma a composición do tribunal, que se publicará na web www.boiro.gal. Fixará tamén a data, hora e lugar na que deberá constituírse o tribunal e data, hora e lugar para o comezo das probas selectivas.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo.

Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso selectivo se deduza que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación.

8º.- CONTIDO, DESENVOLVEMENTO E CUALIFICACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS:

- As persoas aspirantes concorrerán provistas do seu DNI, documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, e tamén dos medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles. Serán convocados en chamamento único, quedando excluídos da oposición os que non comparezan.

- Os anuncios de celebración das sucesivas probas ou exercicios, si eso procedese, con indicación do lugar e hora en que tivesen lugar, expóranse na web municipal www.boiro.gal, ó menos con 2 días de antelación.

9º.- TRIBUNAL CUALIFICADOR:

Estará formado por un Presidente e un secretario e por tres vogais designados pola Alcaldía na mesma Resolución pola que se aproba a lista definitiva de persoas candidatas admitidas e excluídas. Todos os membros do tribunal deberán posuír nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas.

Este tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, sendo sempre necesaria a presenza do Presidente e do Secretario.

Este tribunal, por medio do seu Presidente, poderá dispoñer-la incorporación ó mesmo de Técnicos cualificados para colaborar nas tarefas de puntuación, baixo a dirección do tribunal, actuando con voz pero sen voto.

10º.- OPOSICIÓN:

A oposición constará de tres exercicios de carácter obrigatorio:

1º exercicio: Proba de comprobación de coñecementos teóricos. De carácter obrigatorio, consistente na realización dun cuestionario de 40 preguntas tipo test, con 3 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal sobre o temario que se relaciona no Anexo I. As persoas aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización.



A proba cualificarase polo tribunal de 0 a 10 puntos, sendo preciso acadar 5 puntos como mínimo, para supera-la proba, e para o que se terá en conta que as respostas incorrectas non restarán puntuación.

2º exercicio: Proba Física: Consistirá na realización dunha proba física de carácter obrigatorio. A non comparecencia ó mesmo implica a eliminación.

Esta proba física realizarase na Praia de Carragueiros, que terá unha valoración de 0 ata 10, consistente en percorrer o seguinte:

- . 200 m. de carreira pola area co material de salvamento (aletas e flopi)
- . Entrada á auga e nado duns 600 m. co material de salvamento
- . Chegar á area e percorrer uns 200 m. co material de salvamento

*Nota: as distancias poderán variar en función do estado do mar, así coma a utilización do flopi.

Cada aspirante terá que traer as súas propias aletas para a realización da proba.

O tempo contarase a partires do primeiro aspirante a pasar pola meta.

TÁBOA DE PUNTUACIÓNS:

HOMES	PUNTOS	MULLERES	PUNTOS
1º clasificado	10	1ª clasificada	10
+ 0,18''	9	+ 0,18''	9
+ 0,36''	8	+ 0,36''	8
+ 0,54''	7	+ 0,54''	7
+ 1,12''	6	+ 1,12''	6
+ 1,30''	5	+ 1,30''	5
+ 1,48''	4	+ 1,48''	4
+ 2,06''	3	+ 2,06''	3
+ 2,24''	2	+ 2,24''	2
+ 2,42''	1	+ 2,42''	1
+3,00''	0	+3,00''	0

O tribunal poderá declarar non superada a proba ás persoas candidatas que superen 4 minutos de diferenza da chegada da primeira persoa clasificada de cada sexo.

3º exercicio: Coñecemento da lingua galega: A proba de coñecemento da lingua galega está dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que as/os aspirantes comprenden, falan e escriben



correctamente o galego, someténdoo ás probas que consideren máis adecuadas para tal comprobación. Esta proba cualificarase como apto ou no apto.

Sen embargo, as persoas aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega, con carácter previo e da maneira normativamente establecida de acordo co previsto na Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 16 de xullo de 2007, mediante a presentación do certificado que acredite ter, como mínimo o CELGA 3, daráselles por superada esta proba coa cualificación de apto.

11º.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓNS:

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o tribunal elevará proposta de contratación por orde decrecente da puntuación total final (suma de puntuación obtida nas probas da oposición).

Asemade se propondrá unha listaxe de suplentes, igualmente por orde decrecente da puntuación final, para o caso de baixas ou renuncias.

En caso de empate na puntuación final do proceso selectivo establécese a seguinte orde de prioridade:

- Mellor puntuación obtida no primeiro exercicio da fase de oposición.
- Mellor puntuación obtida no segundo exercicio da fase de oposición.

De persisti-lo empate, dirimirase por sorteo público a celebrar ante o Tribunal Cualificador, do que se levantará a acta correspondente.

12º.- NORMAS FINAIS:

Primeira: O tribunal queda facultado para resolver tódalas cuestións que puideran suscitarse durante o desenvolvemento das probas ou na cualificación e resolverá das mesmas, podendo adoptar cantas medidas estimen oportunas para a debida orde de selección, así coma os acordos precisos para a resolución de cantos litixios se susciten e cando a súa resolución non este prevista nestas bases.

Segunda: Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e demais lexislación vixente de aplicación.

Terceira: Todos os actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso faranse públicos, a través da páxina web do Concello de Boiro www.boiro.gal.

Cuarta: Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.



A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Quinta: Contra as presentes Bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo correspondente, no prazo de dous meses (contado dende o día seguinte ó da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado dende o día seguinte ó da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer-lo recurso contencioso administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.”

ANEXO I

TEMARIO

Tema 1.–Anatomía e fisioloxía. Conceptos xerais. Sistemas e aparatos

Tema 2.–Socorrismo. Principios xerais.

Tema 3.–Reanimación cardiopulmonar.

Tema 4.–Traumatismos. Lesións e contusións.

Tema 5.–Feridas. Hemorragias.

Tema 6.–Shock. Cadros convulsivos.

Tema 7.–Queimaduras. Trastornos térmicos.

Tema 8.–Intoxicacións.

Tema 9.–Picaduras e mordeduras.

Tema 10.–Accidentes acuáticos.

Tema 11.–Plan de autoprotección.

Tema 12.–Plan de actuación en zonas de baño.

Tema 13.–Salvamento e socorrismo acuático profesional.

Tema 14.–Praias e augas oceánicas e continentais.

ANEXO II

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEM	DOC UME
--------------	-----------------------	------------



	ENTO	NTO
INSCRIPCIÓN PROCESO SELECTIVO CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE SOCORRISTAS ACUÁTICOS EN ESPAZOS NATURAIS	2698/2025	SOLICITUD DE
SOLICITANTE		
DNI	NOME E APELIDOS	
DATA NACEMENTO	LOCALIDADE NACEMENTO	PROVINCIA

ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN		
TELÉFONO	RÚA/ Nº	
MUNICIPIO	PROVINCIA	CORREO ELECTRÓNICO

A PERSOA SOLICITANTE DECLARA QUE:

- Compre os requisitos sinalados na base 4ª das que rexen este proceso selectivo de contratación laboral temporal de socorristas acuáticos en espazos naturais.

SOLICITA

Participar nas probas selectivas ás que se refire a presente solicitude e, asemade, se achega a seguinte documentación:

- DNI ou documento identificativo.
- Titulación.
- Inscripción no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia
- Certificado que acredite, como mínimo, CELGA 3 ou equivalente.
- Certificado médico oficial /informe de saúde
- Xustificante pago da taxa de dereitos de exame/ documentación xustificativa para súa bonificación.

Boiro, _____ de _____ de 20____”

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

